

Carta aberta aos membros da agrupación do Partido Popular de Ribadumia:

Dirixímonos a vos coa convicción de que uns e outros formamos parte dese grupo de persoas que facemos política a nivel local, tentando mellorar a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas, pero sobre todo como cidadáns preocupados pola situación que está atravesando o voso partido e ante a falta de reacción pola vosa parte.

O nivel de corrupción que se esta demostrando existir no Partido Popular nos últimos meses (dende os traxes de Camps, ao Gürtell, pasando polos sobres de Bárcenas, os enchufes de Baltar, os regalos ao marido da Ministra, Ana Mato, as acusacións de trato de favor aos presidentes de Valencia ou Baleares en relación co caso de Iñaki Undargarín, ata situación do Concellos de Santiago, con varios concelleiros do PP imputados e un alcalde xa dimitido ou, aínda máis cerca, en Portas, cun alcalde gobernando pese a recoñecer que cometeu delitos fiscais) provoca unha profunda indignación na cidadanía e un sentimento de asco cara iso que moitos chaman *clase política*, que ademais se traslada de maneira inxusta a outros cargos e militantes de todos os partidos cunha honradez fora de toda dubida.

Esta situación debe ser inasumible e inaceptable para persoas que formen parte dese partido e que non están “mezcladas” nestas cousas. Entendemos que por encima da lealdade a unhas siglas, debe estar o compromiso cos veciños e veciñas e o valor da coherencia e honradez en política e, polo tanto, debedes ser capaces de pedirlle explicacións aos membros do PP implicados (aínda que se chamen Mariano Rajoy), condenar esta situación e abandonar esa formación política para seguir traballando lonxe dese aparente niño de corrupción e non dar sospeitas de estar no mesmo cesto de mazans podres.

Só así se demostrará que non tedes nada que ver, nin defendedes de ningunha maneira posible, nin por activa ni por pasiva, non solo esas presuntas maneiras de actuar totalmente corruptas das que se están falando, se non o simple feito de estar sometidos a sospeita continua.

De non facer nada quedaría en evidencia que amparades esas supostas actuacións e actitudes corruptas, e daría pe a que moitos sospeitamos de si estades en política para servir aos cidadáns ou coa única intención de conseguir beneficios persoais, ou incluso algún sobre.

Unha última cousa, se decidides romper con esa formación aparentemente corrupta ata niveis inverosímiles, contaredes con toda a nosa axuda e comprensión moral e institucional. Pola contra, se decidides seguir formando parte do Partido Popular, dando a entender con elo que estades do lado da corrupción, non esperedes ningún apoio pola nosa parte.

Non esquezades que no xuramento que se fai ao ser nomeados concelleiros, comprometémonos a respectar as leis, facelas cumprir e denunciar a aqueles que sabemos que non as cumpren, teredes que aplicarvos o conto ...

José Enrique Oubiña Lago e Ramón Mouriño Alfonso, membros de Anova Ribadumia.
En Ribadumia, a 22 de febreiro de 2013